

Bos días a todos e todas!

Espero que tanto vós como as vosas familias esteades ben. Xa sei, un pouco cansos de estar na casa, pero seguro que xa nos queda pouco, así que, moitísimo ánimo e a desfrutar estando coa familia. Usade a vosa imaxinación para aproveitar e facer xuntos cousas que no noso día a día é moi difícil facelas.

Moito ánimo, xa queda menos!

MATERIAIS DE TRABALLO

Adica 15 minutos diarios á lectura dun libro en lingua galega que teñas na casa.

1. Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Distinguido señor:


Da mesma maneira que a xente felicita os amigos cando se cumpren anos do día que naceu eu envíolle a miña felicitación porque hoxe é o aniversario do día no que vai morrer. Pareceralle unha broma, pero podo asegurarlle que non o é. Eu sei perfectamente que vostede morrera tal día coma hoxe (permitame que non lle diga nada de que ano, todo chegara). Eu sei que de primeiras, isto pode parecerlle unha mala nova, pero unha vez que vostede se repoña da sorpresa inicial e medite un pouco, darase de conta de que mais que outra cousa isto é un privilexio, porque lle permitira poder facer unha preparación que a poucos lles esta permitida, xa que os homes deron en vivir coma se nunca fosen morrer. Nada hai tan certo e seguro coma a morte para o home, por tanto, calquera outro acontecemento dos que nos poidan suceder son moito mais alleos a nos.

Permitame pois que me despida, por esta, de vostede, desexandolle un feliz día do seu cumpremortes.

Xabier P. Docampo: *Cando petan na porta pola noite*, Xerais (adaptado)

Realiza as seguintes actividades:

1. O texto está sen acentuar. Acentúao ti.
2. Identifica cada palabra co número que lle corresponde na ilustración.



canil
céspede
contra
billa
cano
peitoril
lintel
soleira
valo
xanela

chanto
camiño de laxes
cumieira
bufarda
lousado
cheminea
chanzo
balaústre
cancela

3. Escribe un enunciado con cada unha das seguintes palabras. Da lectura do enunciado debe desprenderse claramente o significado da palabra utilizada: sobrado, trabe, lúgubre, peitoril.
4. Clasifica as palabras do cadro segundo o seu sufixo sexa aumentativo, diminutivo ou despectivo.

cuartucho, cachiño, soutelo, gordecho, cabezón,
mullerona, solteirón, barcaza, ricacho, xentuza,
animalexo, cadeliño, rapazote, folletín, campelo

AUMENTATIVO	DIMINUTIVO	DESPECTIVO